

ANUNCIO

O Tribunal calificador do proceso convocado para a selección de cinco prazas de policía (turno libre), comunica o seguinte:

CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO EXAME REALIZADO O DIA 01/03/2018, CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE POLICÍA, C.E. 7/15

Preguntas ás que os aspirantes presentaron algunha alegación:

1. **Pregunta nº 10.-** Esta pregunta contén un erro na orde das respostas que se ofrecían, xa que a opción máis correcta é a que combina o contido da opción A e a opción D, pero ao non existir unha resposta que inclúa ambas opcións procede anular a pregunta e substituíla por unha pregunta de reserva. Polo exposto, o Tribunal acorda anular a pregunta nº 10 e substituíla pola pregunta de reserva nº R1.
2. **Pregunta nº 11.-** Esta pregunta refírese ao disposto no art. 129 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viario, onde se sinala que *"Os usuarios das vías que se vexan implicados nun accidente de tráfico, preséncienlo ou teñan coñecemento del estarán obrigados a auxiliar ou solicitar auxilio para atender ás vítimas, se as houbese, prestar a súa colaboración para evitar maiores perigos ou danos, restablecer, na medida do posible, a seguridade da circulación e esclarecer os feitos"*. As opcións A e B son excluíntes, referíndose só a un tipo de usuarios, en cambio a opción C cumpre o previsto na norma á marxe de que existan outros obrigados. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
3. **Pregunta nº 13.-** Esta pregunta axústase ao temario ao estar incluída dentro do contido do tema 34 (*Estrutura económica e social de Galicia: , patrimonio ecolóxico, social e cultural*). Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
4. **Pregunta nº 18.-** A resposta a esta pregunta atópase recollida no contido do Anexo I do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia, onde consta unha lista dos humidais protexidos, entre os cales figura, en último lugar, o humidal denominado *"Ría de Ribaded"*. Por tanto, a resposta correcta é a opción A. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
5. **Pregunta nº 38.-** Tal e como se menciona no seu enunciado esta pregunta refírese ao disposto no art. 384 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, onde se establecen tres opcións de penalización (*.....será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou coa de multa de doce a vinte e catro meses ou coa de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días.*), e dado que as respostas C e D obrigan na súa totalidade con dúas penalidades, co que a única resposta correcta é a que figura na opción B. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
6. **Pregunta nº 47.-** O Código Europeo de Ética da Policía é unha recomendación do Consello de Europa, a cal foi adoptada polo Comité de Ministros o 19 de setembro de 2001, na 765ª reunión dos Delegados dos Ministros. O Comité de Ministros conforme ao establecido nos artigos 13 e 15 b) do Estatuto do Consello de Europa é o órgano competente que actúa en nome do Consello de Europa e as súas conclusións poderán, se houber lugar a iso, revestir a forma de recomendacións aos Gobernos. Cada Membro do Consello terá un representante no Comité de Ministros e cada representante ten un voto. Os representantes no Comité son os Ministros de Asuntos Exteriores. No contexto no que se formula esta pregunta a palabra "Consello" ou "Comité" son sinónimos, xa que

ambas significan “un conxunto de persoas encargadas dun asunto”, o que non modifica nada do contido da resposta que figura na opción B. Por tanto, a única resposta correcta desta pregunta é a que figura na opción B. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.

7. **Pregunta nº 51.-** A resposta a esta pregunta atópase na publicación do INE (Instituto Nacional de Estadística) no apartado de Contas Económicas – Contabilidade Rexional de España, na ligazón http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736167628&menu=ultiDatos&idp=1254735576581. Así, co enunciado de “Contabilidade rexional de España”, figura unha táboa que ten como título “Produto interior bruto por habitante. Ano 2016” na que consta o dato que se preguntaba que ten como valor a cifra de 21,542 e que coincide exactamente co que figura na resposta que consta na opción B. As alegacións baséanse nunha publicación titulada España en Cifras 2017, na que na súa páxina 29, onde se dan datos do PIB per capita, recóllese un cadro de datos que leva por título “PIB per cápita. 2016 *Primeira estimación*”. Co cal se demostra que a cifra final real non coincide exactamente coa cifra que figura na devandita publicación, onde se menciona unha cifra estimada que non é a cifra definitiva. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
8. **Pregunta nº 52.-** A resposta a esta pregunta atópase no contido do artigo 24 da Constitución onde se establece que “*A lei regulará os casos en que, por razón de parentesco ou de segredo profesional, non se estará obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delituosos*”. No texto constitucional menciónase expresamente que “*A lei regulará...*”, polo que a única resposta válida é a opción C. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
9. **Pregunta nº 54.-** Esta pregunta refírese ao disposto na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a única resposta válida é a opción A. A opción B non é válida xa que fala do art. 121.2 e non do art. 112.2. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
10. **Pregunta nº 58.-** A resposta a esta pregunta atópase no Preámbulo da Constitución o cal finaliza co texto “En consecuencia, as Cortes aproban e o pobo español ratifica a seguinte CONSTITUCIÓN”. Co que a única opción clara e válida é a que figura na opción B. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
11. **Pregunta nº 59.-** Esta pregunta refírese ao que o Código Europeo de Ética Policial establece en relación ás investigacións de policía deben fundarse polo menos en sospeitas razoables de que unha infracción foi cometida ou vai cometerse. Esa disposición está recollida no punto (apartado) 47 e enténdese que a expresión “artigo” é equivalente a “disposición numerada”. Hai que ter en conta que a Real Academia Española define o termo artigo como “Unha das partes en que adoitan dividirse os escritos” ou como “cada unha das disposicións numeradas dun tratado, dunha lei, dun regulamento, etc.”, polo tanto os termos artigo, punto, apartado ou disposición numerada son sinónimos. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
12. **Pregunta nº 63.-** Esta pregunta contén un erro no enunciado, xa que se fai unha referencia ao artigo 1 cando debería figurar o artigo 14 e aínda que todas as posibles respostas fan referencia ao contido do art. 14 da Constitución, non é correcto afirmar que as respostas se atopan no art. 1, polo que procede anular esta pregunta e substituíla por unha pregunta de reserva. Polo exposto, o Tribunal acorda anular a pregunta nº 63 e substituíla pola pregunta de reserva nº R2.
13. **Pregunta nº 64.-** A resposta a esta pregunta atópase no Preámbulo da Constitución o cal recolle, entre outros, o *garantir a convivencia democrática dentro da Constitución e das leis conforme a unha orde económica e social xusta*. Neste contexto os termos “garantir” e “consolidar” son equivalentes e non modifican o contido esencial da pregunta polo que a única opción de resposta clara e válida é a que figura na opción D. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.

14. **Pregunta nº 70.-** Esta pregunta refírese ao contido do establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, ao que se fai referencia no tema 7 do temario que figura como Anexo III das bases que regulan este proceso selectivo e non existe ningunha referencia a impostos en ningunha outra parte do temario. A resposta á pregunta atópase contida no art. 51 a) da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, polo que a única resposta válida é a da opción A. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
15. **Pregunta nº 74.-** Esta pregunta encádrase dentro do contido do tema 1 (Antecedentes constitucionais en España) do temario que figura como anexo III das bases que regulan este proceso selectivo, polo que non se xustifica os argumentos desta alegación. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
16. **Pregunta nº 79.-** Esta pregunta refírese ao contido establecido no art. 20.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, onde se sinala que "A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións existe nos municipios sinalados no título X, e naqueles outros en que o Pleno así o acorde, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, ou así o dispoña o seu Regulamento orgánico", polo que a única resposta válida é a opción B. O resto de opcións son excluíntes ou non se cumpren tal e como están redactadas, cando a norma sinala tres posibilidades (Municipios de gran poboación, acordo do Pleno ou a dispoña o regulamento orgánico). Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
17. **Pregunta nº 80.-** Esta pregunta refírese ao contido establecido no artigo 17 da Lei Orgánica 3/2007, onde se sinala que "*O Goberno, nas materias que sexan da competencia do Estado, aprobará periodicamente un Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades...*", polo que é evidente que a única opción válida é a resposta B. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
18. **Pregunta nº 83.-** Nesta pregunta ningunha das catro respostas posibles cúmprese, xa que no artigo 9.1 da Lei 9/2001 relaciónanse nove espazos naturais protexidos, pero ao non existir unha resposta que inclúa a opción de 9 categorías procede anular a pregunta e substituíla por unha pregunta de reserva. Polo exposto, o Tribunal acorda anular a pregunta nº 83 e substituíla pola pregunta de reserva nº R3.
19. **Pregunta nº 87.-** Esta pregunta contén un erro na orde das respostas que se ofrecían, xa que a opción máis correcta é a que combina o contido da opción A e a opción C, pero ao non existir unha resposta que inclúa ambas opcións procede anular a pregunta e substituíla por unha pregunta de reserva. Polo exposto, o Tribunal acorda anular a pregunta nº 87 e substituíla pola pregunta de reserva nº R4.
20. **Pregunta nº 90.-** Esta pregunta contén un erro no enunciado, xa que se fai unha referencia ao artigo 12.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados cando debería figurar o artigo 12.3, e aínda que todas as posibles respostas fan referencia ao contido do art. 12.3, non é correcto afirmar que as respostas se atopan no art. 12.2, polo que procede anular esta pregunta e substituíla por unha pregunta de reserva. Polo exposto, o Tribunal acorda anular a pregunta nº 90 e substituíla pola pregunta de reserva nº R5.
21. **Pregunta nº 97.-** Nesta pregunta preguntábase en que Título da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, establécese a clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia e a resposta correcta corresponde co Título I (Clasificación, declaración e catalogación dos bens do patrimonio cultural de Galicia), polo que é evidente que a única opción válida é a resposta C. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.
22. **Pregunta nº 99.-** Nesta pregunta preguntábase polo número de capítulos que conforman o Título VII da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e a resposta correcta é que está

integrado por 2 capítulos (Capítulo I-Infraccións e sancións e Capítulo II-Procedemento sancionador). Por lo tanto, a única resposta válida é a opción A, polo que procede modificar a resposta correcta a esta pregunta. Polo exposto, o Tribunal acorda modificar a resposta desta pregunta quedando como resposta correcta a opción A.

23. **Pregunta Reserva 3.-** Esta pregunta refírese ao contido establecido no artigo 107 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario. As opcións A e D non son correctas, xa que a primeira non contempla a excepción prevista no art. 107.3 e a segunda refírese ao historial do vehículo. Polo que a única opción válida é a resposta C. Polo exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación a esta pregunta.

Unha vez resoltas estas alegacións, acórdase publicar o contido da táboa de respostas definitivas do cuestionario de preguntas do primeiro exercicio (proba de coñecementos).

O cadro definitivo de respostas do primeiro exercicio queda co seguinte contido:

Pregunta	resposta	Pregunta	resposta	Pregunta	resposta	Pregunta	resposta
1	D	26	B	51	B	76	D
2	C	27	D	52	C	77	D
3	C	28	A	53	C	78	A
4	C	29	C	54	A	79	B
5	B	30	B	55	C	80	B
6	A	31	A	56	B	81	B
7	D	32	A	57	C	82	C
8	B	33	D	58	B	83	Anulada
9	A	34	C	59	B	84	B
10	Anulada	35	D	60	A	85	C
11	C	36	D	61	D	86	C
12	B	37	D	62	B	87	Anulada
13	B	38	B	63	Anulada	88	A
14	D	39	C	64	D	89	A
15	A	40	D	65	A	90	Anulada
16	C	41	D	66	B	91	B
17	D	42	B	67	B	92	A
18	A	43	C	68	D	93	A
19	A	44	C	69	A	94	A
20	D	45	B	70	A	95	D
21	D	46	C	71	D	96	D
22	B	47	B	72	B	97	C
23	B	48	B	73	D	98	B
24	B	49	A	74	D	99	A
25	D	50	D	75	B	100	D

PREGUNTAS DE RESERVA

R1	A
R2	D
R3	C
R4	A
R5	B

A Coruña, 22 de marzo 2018

O Secretario do Tribunal

José Antonio Sánchez Ríos